


V Concurso de interpretación **MESTRE VIDE**

ORGANIZA



COLABORAN



6 de abril de 2024

Conservatorio Profesional de Música de Ourense



CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



V Concurso de interpretación

INTRODUCCIÓN

O Conservatorio Profesional de Música de Ourense organiza o V Concurso de interpretación musical Mestre Vide co fin de motivar, incentivar e estimular nos xoves intérpretes o estudo do seu instrumento e para dar a coñecer a figura e a obra do que foi un dos compositores máis notables da nosa cidade.

BASES

1º Poderán participar neste Concurso estudantes de calquera especialidade que estean matriculados en calquera dos Conservatorios de Grao Elemental ou Grao Profesional de Galicia, agás os que obtiveron o 1º premio do xurado en edicións anteriores, salvo que o fagan nunha categoría superior.

2º O Concurso está aberto a solistas de tódalas especialidades. Non se poderán empregar instrumentos electrónicos.

3º Establécense tres categorías:

CATEGORÍA A: ata 20 anos inclusive, non tendo cumpridos os 21 anos o día 6 de abril de 2024.

CATEGORÍA B: ata 15 anos inclusive, non tendo cumpridos os 16 anos o día 6 de abril de 2024.

CATEGORÍA C: ata 11 anos inclusive, non tendo cumpridos os 12 anos o día 6 de abril de 2024.

4º O desenvolvemento das probas será público e o seu aforo estará supeditado á capacidade da sala.

5º As probas poderán ser gravadas e difundidas mediante calquera medio audiovisual. Os participantes renuncian a calquera dereito derivado deste concepto.

6º O Concurso levarase a cabo no Auditorio do Conservatorio Profesional de Música de Ourense.

7º A organización resérvase o dereito de modificar as datas ou calquera outro imprevisto que poida xurdir.

8º Os concursantes que precisen acompañamento musical deberán aportar os seus propios acompañantes, correndo eles mesmos cos custos orixinados por este concepto. En ningún caso se autorizará a participación se se empregan gravacións, audios e/ou outros medios electrónicos.

9º O Concurso constará de dúas fases. Na **fase eliminatória** os aspirantes deberán enviar un vídeo cunha duración máxima de 5 minutos interpretando unha das obras ou movementos de obra presentados a concurso. Un xurado composto por profesores de diferentes especialidades avaliará as obras presentadas e seleccionará ata un máximo de nove finalistas de cada categoría que pasarán á **fase final** na que interpretarán todo o repertorio presentado a concurso. A relación de finalistas será publicada na páxina web e a cada finalista comunicaráse por correo electrónico o seu pase á **fase final**.

10º Os concursantes deberán acreditarse debidamente, presentando o DNI ou pasaporte. Así mesmo achegarán unha copia das obras ou movementos de obra que interpretarán para o xurado, indicando tamén o seu minutaxe. Son causas de exclusión directa do concurso a falsidade na documentación achegada.

11º Tódolos concursantes recibirán un certificado acreditativo.

12º A cota de inscrición será de 20€ para tódalas categorías.

13º A inscrición no Concurso leva á aceptación das bases.

14º O fallo do xurado será inapelable, incluíndo toda aquela casuística non contemplada nestas bases.

PROBAS

CATEGORÍA A: Interpretar un mínimo de dúas obras ou movementos de obra de diferentes estilos cunha duración que non excederá dos 20 minutos.

CATEGORÍA B: Interpretar un mínimo de dúas obras ou movementos de obra de diferentes estilos cunha duración que non excederá dos 15 minutos.

CATEGORÍA C: Interpretar un mínimo de dúas obras ou movementos de obra de diferentes estilos cunha duración que non excederá dos 10 minutos.

PREMIOS

CATEGORÍA A:

1º PREMIO: Cheque regalo valorado en 500€. Trofeo. Diploma acreditativo. Xira de concertos por diversas cidades de Galicia.

2º PREMIO: Cheque regalo valorado en 300€. Trofeo. Diploma acreditativo.

PREMIO "ANPA" (Premio do público) Cheque regalo valorado en 200€. Trofeo. Diploma acreditativo.

CATEGORÍA B:

1º PREMIO: Cheque regalo valorado en 300€. Trofeo. Diploma acreditativo. Xira de concertos por diversas cidades de Galicia.

2º PREMIO: Cheque regalo valorado en 200€. Trofeo. Diploma acreditativo.

PREMIO "ANPA" (Premio do público): Cheque regalo valorado en 150€. Trofeo. Diploma acreditativo.

CATEGORÍA C:

1º PREMIO: Cheque regalo valorado en 200€. Trofeo. Diploma acreditativo. Xira de concertos por diversas cidades de Galicia.

2º PREMIO: Cheque regalo valorado en 150€. Trofeo. Diploma acreditativo.

PREMIO "ANPA" (Premio do público): Cheque regalo valorado en 100€. Trofeo. Diploma acreditativo.

PREMIO MESTRE VIDE

Aqueles concursantes que desexen optar ó Premio Mestre Vide, deberán presentar, incluída dentro da súa participación, unha obra ou movemento de obra do compositor. A duración desta obra excluirase do tempo de interpretación marcado para a categoría pola que concursa.

PREMIO: cheque regalo valorado en 100€ + Trofeo + Diploma acreditativo.

INSCRICIÓN

A fase final do Concurso celebrarase o sábado 6 de abril de 2024 no Auditorio do Conservatorio Profesional de Música de Ourense.

Para inscribirse, os participantes deberán formalizar a inscrición antes do día 1 de marzo de 2024 e presentando a documentación seguinte:

- Boletín de inscrición, que se poderá cumprimentar tamén online.
- Resgado bancario da cuota de inscrición a abonar neste número de conta: ABANCA **ES65 2080 5260 7031 1007 1809**
- Copia do DNI ou pasaporte.
- Copia das obras a interpretar indicando a súa duración.

Os vídeos e documentación achegaranse por correo electrónico:

concursomestrevide@gmail.com

Ou por correo postal a:

Conservatorio Profesional de Música de Ourense, Rúa Pablo Iglesias, s/n
C.P. 32004 Ourense.

Máis información na nosa web: www.conservatoriourense.gal

Ou no teléfono: 988 39 10 47

V CONCURSO DE INTERPRETACIÓN MESTRE VIDE BOLETÍN DE INSCRICIÓN

DATOS PERSOAIS

Nome e Apelidos _____

Enderezo _____

Localidade _____

Provincia _____

CP _____

Tfno. _____

Especialidade _____

E-mail _____

Centro onde cursa os seus estudos _____

OBRA A INTERPRETAR

1ª _____ Duración _____

2ª _____ Duración _____

3ª _____ Duración _____

4ª _____ Duración _____

OBRA DO MESTRE VIDE

_____ Duración _____